

o historiador anselmo lópez será o encargado de pronunciar unha laudatio no acto de entrega

A AELG nomea a Francisco Carballo Carballo “.Bo e xeneroso”

Historiador, mestre de historiadores e promotor de empresas editoras en galego. Estes son os motivos polos que o Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), decidiu nomear “.Bo e Xeneroso” a Francisco Carballo Carballo (Maceda, 1925). Nunha nota de prensa, a ALG destaca a traxectoria do homenaxeado que “participou coa súa escrita e co seu activismo en dotar de contidos vertebradores á realidade social e cultural de Galicia”. Francisco Carballo únese á Avelino Pousa Antelo, Museo do Pobo Galego, Ponte nas ondas, Isaac Díaz Pardo, Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Mariví Villaverde, Concellos organizadores do Premio Blanco Amor e Francisco Fernández del Riego.

O acto de entrega deste galardón terá lugar no primeiro trimestre de 2012 en Santiago de Compostela, cunha laudatio do historiador Anselmo López Carreira.